

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISIÓN DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE Ó DÍA 15 DE XANEIRO DE 1993.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día quince de Xaneiro de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria urxente da Comisión de Goberno, oportunamente convocada: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro. Actúa coma Secretario, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DESTA SESIÓN.-

Os señores membros da Comisión de Goberno asistentes ratifican por unanimidade a urxencia desta sesión.

2.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade presta aprobación ó borrador da sesión anterior, que foi a celebrada o día vinteito de Decembro de mil novecentos noventa e dous.

3.- OBRAS.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don Claudio Travieso Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa López Ramón, nº 23, para que poida levar a cabo as obras de reforma e ampliación dun inmovible da súa propiedade sito na Franqueirán, segundo a documentación técnica que se acha no expediente asinada polo Arquitecto Don Ildefonso Estévez Martínez, e que é unha prolongación da anterior licencia concedida pola Comisión de Goberno, na súa sesión do 2 de Xullo

de 1990; daquela, son de aplicación a esta nova licencia tódolos condicionamentos que serviron de base para a concesión da anterior sinalada. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Solicitará no seu día licencia de fin de obra. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos de taxas desta licencia, o cal importe é de 84.000 pesetas.

A Don Leopoldo Araujo López, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rego de Auga, nº 6, para que troque as fiestras hoxe existentes no devandito inmovible, en número de cinco, tendo en conta as instruccións contidas na Resolución do Sr. Alcalde, de data 9 de Decembro último. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos de taxas desta licencia, o cal importe é de 2.800 pesetas.

#### 4.- ESCRITOS DE ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Delmiro Freijido Viñas, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Irmáns Alvarez Araujo, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca da súa propiedade sita no nº 28, da devandita rúa, a Comisión de Goberno presta aprobación ó dictame técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "La clasificación urbanística corresponde a una trama denominada I/RM, en un fondo de 40 metros y resto SNU; cabe destacar el luso de vivienda asociada o en tolerancia con la vivienda; industrial, en todos los grados excepto el de obligado aislamiento por incompatibilidad; comercial, segundo y tercer grados vinculados a la industria o viviendas asociadas; dotacional, todos los grados; se exige un retranqueo mínimo de 3 metros en todos los linderos; es exigible también una parcela mínima de 300 m<sup>2</sup>; la altura máxima, tres plantas o 12 metros; la edificabilidad, 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>; Ordenanza RM 4.3, residencial mixta; yuxtaposición de las dos Ordenanzas Residenciales; es preceptivo el Estudio de Detalle; el área de reforma le corresponde a un grupo de Ordenanzas establecidas por tramas de las NN.SS y que se denomina I/RM".

Visto o escrito de Dona Alicia Durán Durán, veciña desta Vila, con domicilio a efectos de notificacións, na rúa Calvo Sotelo, 9, 1º, hoxe Ribeiro, sobre información urbanística para un inmovible sito na rúa Norte-Corral, a Comisión de Goberno, presta aprobación ó dictame do Sr. Aparellador Municipal, que ten o contido seguinte: "Que las condiciones urbanísticas aplicables serán las que resulten como consecuencia de PERI del Casco

Histórico; en las zonas de alineaciones que presentan posibilidad de variables por no corresponder a lineación estable y definida por vial y se requiera actuación de ordenamiento no solo de volúmenes, sino de alineaciones, considero no se puede aplicar la Ordenanza 4.8, pues la misma es pauta para estudios posteriores de desarrollo, PERI, etc..- El dictamen de la Comisión de Patrimonio se pide para obras de reforma en esta zona, lo que hace preciso que el correspondiente tramitación y ordenación concreta de alineaciones corresponda al PERI; se pide que los órganos tales como la Comisión Provincial de Urbanismo y Organismo superior del mismo emitan informe de aclaración de posturas".- Por conseguinte, e sen prexuízo de notificar este acordo á interesada, érguese consulta á COTOP, ós conseguintes efectos legais.- Tamén a Comisión de Goberno aproveita esta oportunidade para interesar de Dona Alicia Durán Durán que leve a cabo de xeito inmediato as obras de derrubamento no inmovible de que estamos a tratar que ameazan ruína, en evitación de causar danos ás persoas e cousas, segundo xa se ten acordado, baixo os apercebimentos de que o leve a cabo o Concello, pero por conta da interesada.

Visto o escrito de Don Guillermo López Carballal, veciño de Francelos, no que interesa información urbanística, sobre un inmovible da súa propiedade sito na rúa Maquiás, nesta Vila, a Comisión de Goberno, acorda solicitar do interesado, segundo así sinala o Sr. Aparellador Municipal, que presente plano a escala do terreo, coa súa incidencia sobre a estrada N-120, para ser remitido ó MOPT, ós conseguintes efectos de informe; cumprido que sexa isto e unha vez recibido o informe do devandito Organismo resolverase o asunto.

Visto o escrito de Don Ramón Canitrot Lorenzo, veciño desta Vila, con domicilio na Foz, que fai referencia a unha petición para a construción dun galpón, a instalar na súa propiedade, na devandita paraxe, e vistos os antecedentes que se achan no expediente sobre unha denuncia do seu conveciño Don José Nieves Alonso, e mesmo o informe da Policía Local, a Comisión de Goberno, acorda requirir ó interesado e mesmo a Don Germán Martínez, da mesma vecindade, para que insten desta Administración Municipal, no prazo de dous meses, a legalización das obras que fixeron, sen licencia, consistentes nun muro de bloques e uns pilares de pedra, coa advertencia de que se non fosen legalizables, procederase ó derrubamento dos mesmos; e tamén se require a Don Fernando Canitrot Lorenzo para que inste a legalización da construción dun poste de formigón que se atopa fóra da aliñación do muro; por último, e para as actuacións que sexan precisas, tamén se interesa de Don Ramón

Canitrot Lorenzo, que demostre documentalmente ou por outros medios se a fonte de auga que se acha dentro do muro construído é de propiedade privada.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, concede as correspondentes autorizacións para as seguintes acometidas de auga, que serán supervisadas, en todo caso, polos servicios do Concello: A Don José Pérez Rosendo, desta Vila, para uso doméstico para instalala no inmovible nº 39, 3º C, da rúa Redondela; a Don Antonio González Gómez, para uso doméstico, para instalala no inmovible sito na Travesía do Ribeiro, nº 1, 2º D; a Don José Antonio González Cuíñas, para uso doméstico, no seu inmovible sito na rúa Formigueira de Francelos; e a Dona María Magdalena de Oliveira Adriano, para uso doméstico, no seu inmovible sito na Travesía do Ribeiro, 2º H.- Cada un dos interesados fará aboamento pola licencia das acometidas de auga, importe da taxa correspondente da cantidade de 7.000 pesetas, sen o cal requisito a licencia ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Luís González González, veciño desta Vila, con domicilio no Grupo Muñoz Calero, nº 45, no que prega o cambio do seu vehículo matrícula OR-2388-H, co que desenvolve a licencia municipal de autotaxi nº 7, por outro novo, matrícula OR-5789-N, Peugeot 405, tendo en conta que neste Concello non hai marca nin modelo normalizados, a Comisión de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado, polo cal a partir de agora, a licencia municipal de autoturismo nº 7, será desenvolvida por Don Luís González González co vehículo OR-5789-N, causando baixa, a tódolos efectos, o vehículo OR-2388-H; polo interesado darase cumprimento a tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacional e Municipal que rexen o servicio de autoturismo.

#### 5.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes escritos oficiais:

Da Asociación de Hostelería, sobre a posibilidade de aparcamento na rúa Praza Maior, desta Vila, os domingos, festivos e correspondentes vésperas, precisando a Comisión que se estudiará o asunto coa debida atención.

En relación cun escrito de Don Xosé Carlos García-Aliende García, Concelleiro, no que prega a convocatoria dunha xuntanza urxente da Comisión de Servicios para o estudio duns escritos relacionados coa Oficina de Correos desta Vila, a Comisión de

Goberno, na súa calidade de órgano de asistencia permanente ó Alcalde, acorda notificar ó interesado que non hai razóns que aconsellen a convocatoria solicitada, tendo en conta que están pendentes de levarse a cabo actuacións ó respecto, tal como consta precisamente no escrito nº 21, da Alcaldía, de 5 de Xaneiro corrente.

Visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, que fai referencia ó estado en que se atopa un inmovible sito en Francelos, sobre o cal impactou un camiión, a Comisión de Goberno toma nota do asunto, e que se notifique ó propietario do inmovible, que debe levar a cabo as actuacións pertinentes para a correspondente reparación, sen prexuízo doutras consideracións, e mesmo tendo en conta actuacións anteriores que constan no correspondente expediente.

Escrito da Deputación Provincial, sobre as obras números 44 e 45, Saneamento Francelos e rúa Salgado Moscoso; e Saneamento Chavolas e outros.

Escritos da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, sobre licencias dos facultativos Don Xosé María Vázquez Pérez, Don Francisco A. Cofán Sabas e Don Antonio Rodríguez Fernández, e correspondentes substitucións.

Partes sobre cloración de augas do Concello.

Escrito da dirección da obra Pavimentación na rúa Salgado Moscoso, sobre ordes para a súa execución.

Escritos do Centro de Xestión Catastral e de Unións Agrarias, sobre designación de vocais na xunta pericial de Catastros Inmobiliarios Rústicos.

Escrito da FEMP, sobre moción relacionada co Comité das Rexións, sinalando a Comisión de Goberno que pase ó Pleno, ós conseguíntes efectos.

Escrito do Concello de Cartelle, relativo á ponte sobre o río Miño.

Escritos da Consellería de Traballo e Serviciós Sociais, denegando axudas a Don Alberto Montoya Montoya e Dona María Luisa Rodríguez Pouso.

6.- PETICIONS DE AXUDAS A XUNTA DE GALICIA.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse ós beneficios das Ordes da Consellería de Cultura e Xuventude, do 1 de Decembro de 1992, respectivamente, sobre funcionamento das Bibliotecas Públicas Municipais, e investimento, equipamento e lotes bibliográficos para as mesmas, segundo as correspondentes memorias explicativas que se achan nos respectivos expedientes, de acordo co seguinte detalle: para funcionamento, por importe de 500.000 pesetas; para investimentos, etc., 800.000 pesetas; fica facultado o Sr. Alcalde accidental para asina-las oportunas peticións de axuda.

Tamén a Comisión de Goberno, acorda, por unanimidade, acollerse ós beneficios da Orde do 3 de Decembro de 1992, da Consellería de Cultura e Xuventude, sobre subvencións a Concellos para a realización de actividades culturais, para as seguintes actuacións: Mostra Internacional de Teatro, nesta Vila, no ano 1993, cun presuposto de 20.000.000 pesetas, segundo a memoria que se acha no expediente; e Festa da Istoría, a celebra-lo vindeiro día 4 de Setembro, cun presuposto de 3.200.000 pesetas, segundo a memoria, que consta no expediente; fica facultado o Sr. Alcalde accidental para asina-la oportuna petición de axuda.

#### 7.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda o seguinte: non subscribirse polo de agora á revista GALICIA MUNICIPAL.

Remiti-la cantidade de 225.000 pesetas, como provisión de fondos, ó procurador da Coruña, Don Antonio Tovar Blanco Rajoy, para os gastos do recurso que ten este Concello contra o MOPT, por verquidos residuais no río Avia.

Aproba-las seguintes axudas para a Campaña do Nadal: 100.000 pesetas para o Lóstrego, pola confección de carroza, a mesma cantidade e polo mesmo concepto, ás Asociacións Paragüeiros, APA, e San Francisco; 125.000 pesetas, para a Asociación Nós, pola confección do Belén Vivinte; 20.000 para os gaiteiros do grupo O Lóstrego; 25.000 pesetas, para a Asociación Os Paragüeiros, pola actividade concreta de "Papa Noel"; 5.750 pesetas, para a APA, polo aluguer de vestiario; e 20.000 pesetas á Asociación Nós, pola actuación da rondalla musical.

Por último, tamén se aproba unha subvención de 150.000

pesetas, co gallo do Campionato de Balonmán celebrado nesta Vila recentemente nas categorías infantil e xuvenil.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-